

nota sobre o chamado dereito de “folga” dos alumnos.

O artigo 8 da LODE, tralas modificacións introducidas pola L.O.E., resulta do seguinte literal:

Artigo 8. Garántese nos centros docentes o dereito de reunión dos profesores, persoal de administración e de servizos, pais de alumnos e alumnos, cuxo exercicio facilitar de acordo coa lexislación vigente e tendo en conta o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións nas que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos términos que establezan as Administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obligatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas sexan resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.

Exposto o anterior resulta que, sen prexuízo do que dispoña o reglamento interno do centro:

- 1.- O "dereito á folga" só se recoñece aos alumnos de 3º da Educación Secundaria Obligatoria en diante. Os alumnos de cursos inferiores carecen do mesmo, polo que, de secundar a "folga", poderánselles aplicar as medidas correctoras correspondentes.
- 2.- Para que a "folga" sexa válida debe cumprir os requisitos establecidos na LOE: a inasistencia a clase debe ser froito de “decisión colectiva” resultado do exercicio do dereito de reunión, e que sexan comunicadas previamente á dirección do centro.
- 3.- Ningún menor de idade, vaia ou non á folga, pode saír do centro en horario escolar sen autorización expresa e por escrito dos seus pais ou titores legais, xa que conforme ao Código Civil a responsabilidade é do titular do Centro.
- 4.- O Centro debe adoptar as medidas necesarias para que a situación non repercute no rendemento académico dos alumnos e garantirá o dereito daqueles que non desexen secundar as decisións sobre a asistencia a clase a permanecer no centro debidamente atendidos. Polo que entendemos que si existen alumnos non huelguistas pódese avanzar na materia, adoptando as medidas oportunas para que os alumnos que secundaron a folga recuperen as materias impartidas. Pero non deberán realizarse exames e outras probas a fin de non prexudicar aos alumnos que exerceron o chamado "dereito á folga".